

PROGRAMA

ORFEÓN O CASTRO

- | | |
|---------------------------|---------------------------|
| • Canción do temporal | Amado carballo / J. López |
| • As mozas da miña terra | Popular / Javier Alonso |
| • Velai vai | Popular / Rey Rivero |
| • Ronda de los enamorados | R. Soutullo |

ORFEÓN AIRIÑOS DE VIGO

&

AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDA DE MATAMÁ

- | | |
|-----------------------------------|---------------------|
| • Churumbelerias | Emilio Cebrián |
| • Perla antillana | F. Rey Rivero |
| • Vendaval | F. Rey Rivero |
| • Saga Candida | Bert Appermont |
| • 1492 La conquista del paraíso | Vangelis |
| • Canto a Murcia de “La Parranda” | Francisco Alonso |
| • Abba Gold | Abba / Ron Sebregts |
| • Jesucristo Superstar | A. LL. Webber |
| • Boleros | arr. José Molina |

ORFEÓN REY RIVERO

&

UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

- | | |
|--|---------------------------|
| • Consolo | F. Rey Rivero |
| • Cantiga de Marín | Popular / Rey Rivero |
| • La del manojito de rosas | Pablo Sorozábal |
| • Coro de gitanos de “Il Trovatore” | G. Verdi |
| • El silencio | arr. José Iglesias |
| • Seguidillas de “La verbena de la Paloma” | Tomás Bretón |
| • Jota de “Una noche en Calatayud” | Pablo Luna |
| • Canção do mar | F. de Brito / f. Trindade |
| • Malagueña de Lecuona | arr. José Iglesias |
| • Jota de “Gigantes y Cabezudos” | F. Caballero |

ORFEÓN O CASTRO

O ORFEÓN O CASTRO nace no ano 2014 e está formado polas seguintes corais polifónicas: María Auxiliadora, UVCD de Candeán e O Coto de Carballal.

A súa primeira actuación foi no Auditorio Mar de Vigo o pasado 1 de xuño dentro do festival de Letras Galegas de ACOPOVI.

Os directores deste Orfeón son: D. Alberto Abal e D. Javier Alonso.

ORFEÓN AIRIÑOS DE VIGO

O ORFEÓN AIRIÑOS DE VIGO nace no ano 2010 e está formado polas seguintes corais polifónicas: SCD Atlántida de Matamá, AVV Emilio Crespo de Navia, Alborada de Cabral e Perla do Atlántico de Alcabre.

Neste curto período de tempo participaron en diferentes acontecementos destacando o Festival de Letras Galegas e o Festival de Orfeóns organizados por ACOPOVI, o concerto de Nadal da AECC, concertos da MARINETEA e outros; actuando en lugares como o Auditorio do IFEVI, Teatro García Barbón ou o Auditorio Mar de Vigo.

Actuaron conxuntamente coa banda de música da Escola Naval Militar de Marín e coa Agrupación Musical Atlántida de Matamá.

Os directores deste Orfeón son: Enrique Lorenzo Vila, Zivile Keblikaite e Marisa González.

AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDA DE MATAMÁ – VIGO

Os prolegómenos da AGRUPACIÓN MUSICAL ATLANTIDA DE MATAMÁ, hai buscalos, por un lado, na antiga BANDA CELTA DE MATAMÁ que subsistiu dende o ano 1930 ata 1959.

A partir de xullo de 1990 e ata a data, faise cargo desta D. Enrique Lorenzo Vila, comezando unha nova andaina que dá os seus froitos no concerto de presentación da AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDADE MATAMÁ o 28 de decembro de 1991, actuación á que suceden unha serie de actividades e concertos por toda a Comunidade Galega. Dende ese momento actuaron en Cantabria, Valencia, Barcelona, Alicante, Castela León e Portugal.

Dende 1992 forma parte interrompidamente do Convenio de actuacións que o Concello de Vigo vén mantendo con todas as bandas de música da cidade.

Entre os seus galardóns cabe destacar SEIS PRIMEIROS PREMIOS, CATRO SEGUNDOS PREMIOS Y UN TERCEIRO PREMIO en Certames Internacionais de Bandas de música celebrados en lugares como Valencia, Aranda de Douro, Tarragona, Toledo ou Pontevedra.

Ten no mercado varias gravacións discográficas e diversas gravacións de concertos en directo en colaboración coa RadioGalega (RG) e a TVG.

ORFEÓN REY RIVERO DE VIGO

O ORFEÓN REY RIVERO nace no ano 2009 en homenaxe ao recentemente falecido maestro D. Francisco Rey Rivero e está formado polas seguintes corais polifónicas: San Mamede de Zamáns, CVC de Valladares e URECA.

Neste curto período de tempo participaron en diferentes acontecementos destacando o Festival de Letras Galegas e o Festival de Orfeóns organizados por ACOPOVI, os concertos de Nadal do Concello de Vigo, o Festival de Orfeóns no Parque de Castrelos e outros; actuando en lugares como o Auditorio do IFEVI, Teatro García Barbón ou o Auditorio Mar de Vigo.

Dende o comenzo actuaron conxuntamente coa banda de música Unión Musical de Valladares.

Os directores deste Orfeón son: Enrique Lorenzo Vila, Teresa Iglesias Ramilo e José Iglesias Ramilo.

UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

A Banda de Música Unión Musical de Valladares foi fundada no ano 1902 por un grupo de 16 afeccionados, que pouco a pouco a foron impulsando e renovando, non deixando que en ningún momento desaparecera.

A súa actividade socio-cultural xira en torno ó Centro Veciñal e Cultural de Valladares, no que están situadas tódalas actividades culturais, deportivas e veciñais da parroquia, aínda que algunhas delas con propia autonomía, caso é o da Banda de Música Unión Musical de Valladares, por se-la entidade máis antiga.

A súa actividade principal sempre se centrou na participación en festas e romarías típicas na Comunidade galega durante o verán, o que provocaba certo abandono durante os invernos, cambios de director, etc.

Vivíronse grandes momentos artísticos durante os anos 50, con directores como D. Hernán Cortés, D. Demetrio, D. José Pena, D. Manuel Vázquez, D. José Oro Val, D. Alfonso Méndez, etc, sendo este último o que iniciou un profundo rexuvenecemento nos integrantes, ata que en 1971 se apostou, baixo a tutela do entón director D. Alfonso Méndez, por un alumno da escola de música para sucederlle na dirección. Éste alumno é dende enton o actual director D. José Iglesias Ramilo.

Dende aquela, a banda consolidouse pouco a pouco, crecendo o seu número de integrantes, crecendo o alumnado da escola de música, incluso se chegou a ter en Valladares unha filial do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Dende 1976, coa remodelación e construción do novo Centro Cultural de Valladares, a Banda de Música traslada as súas oficinas e local de ensaios ás dependencias do dito centro co que, conservando a súa autonomía, mantén unha estreita relación, colaboración e participación nas actividades culturais de Valladares.

Esta agrupación conta xa con cinco edicións discográficas en CD e casete dos que se venderon máis de 20.000 copias.

A Banda de Música Unión Musical de Valladares, ten un extenso palmarés, destacando, entre outros, CINCO PRIMEIROS PREMIOS e TRES SEGUNDOS PREMIOS en Certames internacionais de bandas de música de lugares como Valencia, Altea (Alicante), Pontevedra ou Santiago de Compostela.